

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**7512** *Real decreto 292/2018, do 18 de maio, polo que se regulan o procedemento de acceso e o réxime de prestación da formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña.*

Entre as funcións e competencias que a Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, atribúe ao Instituto Social da Mariña está a formación profesional dos traballadores do mar.

En relación con esta materia, tanto a Organización Internacional do Traballo como a Unión Europea amosaron, a través de recomendacións, convenios e directivas, a súa preocupación e resaltaron a importancia que a formación profesional dos traballadores do mar reviste, xa que constitúe un medio evidente para o seu perfeccionamento profesional e humano.

Concretamente, a Recomendación número 137 da Organización Internacional do Traballo, de 1970, que regula a formación profesional da xente do mar, invita aqueles países en que haxa ou se pense crear unha industria marítima a que, ao planificaren a política nacional de ensino e formación, coiden de que se dea un lugar adecuado no sistema nacional de medios de formación á capacitación do citado colectivo do mar co fin de alcanzar os obxectivos que a propia recomendación contén.

O citado texto sinala, ademais, a conveniencia de que os programas de formación de todas as institucións públicas e privadas dedicadas á formación da xente do mar se deberían coordinar e desenvolver en cada país conforme normas de rango nacional.

A citada recomendación foi desenvolvida no Estado español polo Instituto Social da Mariña, en virtude das competencias que ten atribuídas, mediante diversos textos normativos.

A Comisión da Unión Europea, pola súa parte, destaca a competencia dos estados membros nesta materia e lémbrales, así mesmo, a conveniencia de fomentar a participación de todas as partes interesadas sobre as diferentes medidas que poderían adoptarse para encarar os considerables retos a que se enfrenta o sistema de educación e formación marítima no seu conxunto. Estes retos para abordar serían: proporcionar mariños de calidade capaces de traballar a bordo de buques modernos; proporcionar aos mariños os coñecementos necesarios para aumentar as súas perspectivas de mobilidade e proporcionar á xente do mar os instrumentos necesarios para que poidan asumir unha actividade profesional en terra despois dun número razoable de anos na mar.

Nunha liña complementaria ao anteriormente exposto, o Instituto Social da Mariña promove o desenvolvemento formativo, no marco dos seus plans de formación, que poderán ser cofinanciados polo Fondo Social Europeo. A dita actividade estará sometida a un permanente proceso de evolución e adaptación, en función da demanda do sector, ás futuras normas que poidan producirse no ámbito internacional ou aos avances tecnolóxicos ou de calquera outro tipo que incidan nel.

A entrada en vigor da Lei 47/2015, do 21 de outubro, en cuxos artigos 38 e 41.2 se abre a posibilidade de que os beneficiarios da formación do Instituto Social da Mariña sexan todas aquelas persoas que poidan estar interesadas na dita formación para acceder ou permanecer en ocupacións do sector marítimo-pesqueiro, vai propiciar que persoas alleas ao dito sector, pero que pretendan desenvolver unha actividade laboral nel, poidan ter dereito á formación profesional marítima e sanitaria que imparte o Instituto. Este feito fai necesario regular e garantir o exercicio deste dereito ao novo colectivo.

Así mesmo, cómpre regular un marco de convivencia, calquera que sexa a forma e o lugar en que se realice a formación, baseado no respecto á integridade, identidade e dignidade do alumnado, do persoal docente e do persoal de administración e servizos, así

como o correcto tratamento das accións formativas que se desenvolvan nas direccións provinciais e nos centros nacionais de formación marítima do Instituto Social da Mariña.

Por todo o dito, e dada a dispersión normativa existente, cómpre actualizar e sistematizar o conxunto de normas específicas que regulan a formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña, elaborando un texto en que se integren, debidamente harmonizados, o conxunto de normas existentes, ademais de incorporar ao dito texto diversos preceptos encamiñados a mellorar a calidade formativa, a xestión e o control adecuado do uso dos servizos e axudas dispoñibles para facilitar o acceso e asistencia aos cursos.

Este real decreto substitúe a Orde TAS/167/2008, do 24 de xaneiro, pola que se regula a formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña, e a Resolución do 5 de xuño de 2013, do Instituto Social da Mariña, que a desenvolve. Ademais, integra a Resolución do 27 de outubro de 2010, do Instituto Social da Mariña, sobre aboamento dos gastos de viaxe aos alumnos de cursos de formación, e a Resolución do 13 de maio de 2011, do Instituto Social da Mariña, pola que se aproban as normas de convivencia dos centros nacionais de formación dependentes do Instituto Social da Mariña.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para o exercicio da potestade regulamentaria: ao de seguridade xurídica, unificando toda a normativa que regulaba a formación que imparte o Instituto Social da Mariña nesta norma, sen prexuízo de deixar a regulación de determinados aspectos que requiren maior flexibilidade para outra norma de rango inferior, ademais de adaptar os distintos procedementos ás novas exixencias establecidas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro; ao de transparencia, efectuando, con carácter previo á elaboración do proxecto normativo, o trámite de consulta pública e, durante a súa tramitación, sometendo o texto da norma ao trámite de información pública e audiencia directa das organizacións representativas do sector e dos axentes sociais; aos principios de necesidade e eficacia, incorporando ao dito texto diversos preceptos encamiñados a mellorar a calidade formativa, a xestión e o control adecuado do uso dos servizos e axudas dispoñibles para facilitar o acceso e asistencia aos cursos, así como regulando un marco de convivencia, calquera que for a forma e o lugar en que se realice a formación; ao de eficiencia, ao reducir as cargas administrativas dos interesados eliminando a necesidade de presentación de certos documentos e establecendo a tramitación electrónica dos procedementos, ademais de racionalizar a xestión dos recursos, e, finalmente, ao principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender a formación profesional marítima e sanitaria que imparte o Instituto Social da Mariña sen impor novas obrigacións aos destinatarios.

O desenvolvemento de todas as accións formativas que leve a cabo o Instituto Social da Mariña ao abeiro deste real decreto deberá realizarse, nos casos que procedan, no marco da normativa vixente emanada do Ministerio de Fomento e do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, en materia de titulacións profesionais.

No seu proceso de tramitación, de conformidade co previsto no artigo 26.2 e 6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto someteuse aos trámites de consulta pública previa e de audiencia e información pública mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e á consulta directa aos axentes sociais. Foi tamén sometido a informe dos departamentos ministeriais afectados polas medidas que nel se conteñen.

Este real decreto dítase no exercicio do previsto na disposición derradeira segunda da Lei 47/2015, do 21 de outubro, e de acordo coa competencia exclusiva en materia laboral que o artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución atribúe ao Estado, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de maio de 2018,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é regular o procedemento de acceso e o réxime de prestación da formación profesional marítima e sanitaria impartida polo Instituto Social da Mariña (en diante, ISM) no marco dos seus plans anuais de formación.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación ás accións formativas impartidas polo ISM que se desenvolvan con medios propios, contratados, a través de encargas a medios propios personificados ou por calquera outro medio previsto na lexislación vixente.

#### Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) Accións formativas: son as actuacións dirixidas á formación profesional marítima e sanitaria dos seus beneficiarios, ou de calquera outro persoal incluído nos oportunos convenios ou acordos, que se concretan a través dos plans anuais de formación.
- b) Plan de formación: o instrumento a través do cal se estrutura e sistematiza, de forma homoxénea, a totalidade da oferta formativa do ISM.
- c) Tipos de cursos: aqueles que imparte o ISM dirixidos á consecución dunha mesma titulación, certificación ou cualificación profesional.
- d) Curso: a convocatoria concreta dun tipo de curso, determinada por un lugar e datas de celebración, ademais de por unha identificación numérica individualizada.
- e) Solicitante da formación: calquera persoa que presente unha solicitude para participar nalgún dos cursos ofertados polo ISM.
- f) Seleccionados: aqueles solicitantes que, por reuniren os requisitos exixidos en aplicación dos criterios de selección, foron elixidos para asistir a un curso concreto.
- g) Alumnos: os seleccionados que iniciaron un curso ou aqueles que, tendo sido convocados tras confirmar asistencia, non puidesen inicialo por causas xustificadas.
- h) Reembolso de gastos: o reintegro aos alumnos dos gastos derivados da súa participación nun curso.
- i) Solicitude vixente: aquela que se encontra en trámite ou resolta favorablemente en canto o alumno non desistise dela, non caducase e cando non completase a súa formación por causas non imputables a el.
- j) Solicitude xenérica: solicitude presentada para un tipo de curso, sen determinación de lugar e data concreta de impartición.
- k) Solicitude específica: solicitude presentada para un curso concreto, con datas e lugar de celebración fixados previamente polo ISM.

#### Artigo 4. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios da formación impartida polo ISM os traballadores de nacionalidade española ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo que residan en España e os estranxeiros que conten con permiso de traballo e residencia en vigor, que estean afiliados e en situación de alta ou asimilada a alta, incluídos os traballadores fixos descontinuos, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar no momento da presentación da solicitude.

2. Serán tamén considerados beneficiarios os solicitantes de admisión a un curso do ISM non incluídos no número anterior que, no momento de presentaren a solicitude, sexan demandantes dunha ocupación do sector marítimo pesqueiro.

*Artigo 5. Requisitos de acceso á oferta formativa do Instituto Social da Mariña.*

Para acceder aos cursos que ofrece o ISM será necesario acreditar, na data de presentación da solicitude, que se reúnen os requisitos exixidos para o tipo de curso que se solicite, ademais de cumprir as condicións establecidas no artigo 4 para ser considerado beneficiario.

*Artigo 6. Modos e medios para a realización dos cursos.*

1. O ISM desenvolverá as súas accións docentes utilizando os seus propios medios, tanto persoais como materiais; cando careza deles poderá emendar a súa carencia mediante encargas a medios propios personificados, contratación con terceiros ou por calquera outro medio previsto na lexislación vixente.

2. Os cursos de formación do ISM poderán impartirse nos centros nacionais de formación marítima, nas direccións provinciais, nas direccións locais ou naquelas instalacións que se concreten nas oportunas encargas a medios propios personificados ou nos contratos que se subscriban para o efecto.

*Artigo 7. Sistema de xestión de calidade.*

A xestión e o desenvolvemento dos cursos que se impartan no marco dos plans de formación axustaranse ao sistema de calidade establecido polo ISM. Así mesmo, cumpriranse as disposicións sobre aseguramento da calidade nas actividades de formación para o exercicio das profesións marítimas contidas nos convenios internacionais, na lexislación da Unión Europea e na normativa nacional na materia.

*Artigo 8. Diplomas.*

Independentemente do certificado oficial que deba expedir o ISM relativo á formación sanitaria específica realizada, os alumnos que superen un curso recibirán o diploma que o acredita.

## CAPÍTULO II

### **Procedemento de acceso á oferta formativa**

*Artigo 9. Solicitudes.*

1. Para acceder a calquera dos distintos cursos que o ISM ofrece, os interesados deberán formalizar unha solicitude no modelo oficial, que poderá obterse nas distintas dependencias do ISM ou mediante descarga da páxina web da Seguridade Social.

2. As solicitudes resoltas favorablemente terán unha validez de vinte e catro meses contados a partir do día seguinte ao da data da solicitude.

Transcorrido o dito prazo sen que o solicitante fose seleccionado para asistir á formación demandada, entenderase que a solicitude caducou e será necesario presentar unha nova para poder acceder ao tipo de curso solicitado.

Non obstante, poderase renovar a solicitude dentro do mes seguinte á perda de vixencia da anterior e, se se resolve favorablemente por cumprir os requisitos que determinan a condición de beneficiario e de acceso ao curso no momento da solicitude de renovación, manterase a antigüidade da solicitude inicial na renovada.

3. As solicitudes dirixiranse ao titular da dirección provincial do ISM que corresponda ao domicilio de residencia do solicitante en función da distribución territorial que, para efectos da formación, ten establecido o Instituto, que será o competente para resolver, así

como para seleccionar e xestionar a súa asistencia a un curso unha vez que a solicitude fose resolta favorablemente.

4. As solicitudes poderanse presentar:

- a) En calquera das direccións provinciais e locais do ISM.
- b) A través da sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social.
- c) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 10. *Documentación que se xuntará ás solicitudes.*

1. Os interesados deberanlle xuntar á solicitude do curso de que se trate a documentación que se indica a continuación, sempre que esta non conste en poder da propia Administración ou non fose elaborada por esta:

- a) Título ou certificado profesional exixidos.
- b) Titulación académica ou formación complementaria exixidas.
- c) Acreditación de experiencia profesional previa, se é o caso. Para isto poderase achegar a libreta de navegación, un certificado de empresa ou calquera outro medio de proba que sexa considerado suficiente.
- d) Declaración responsable do interesado en que manifieste non padecer ningunha alteración no seu estado físico e psíquico que lle impida a realización de determinados tipos de curso en que se leven a cabo prácticas que poidan supor algún risco tanto para si mesmo como para o resto dos alumnos.

Esta declaración non será exixible cando, no momento de presentar a solicitude, o interesado se encontre en posesión dun certificado médico de aptitude para o embarque marítimo en vigor ou un certificado médico que acredite tal aptitude.

No caso de que, ao presentar a solicitude, o beneficiario achegase unicamente unha declaración responsable, se se lle oferta unha praza para a realización do curso, deberá entregar ao ISM calquera dos certificados mencionados no parágrafo anterior con vixencia durante toda a duración da acción formativa e, por tanto, até a súa finalización.

e) Se é o caso, certificado de empresa co compromiso de manter ou acceder a un posto de traballo que dea lugar á súa alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e cuxo desempeño estea condicionado á obtención previa do diploma ou certificado acreditativo da adquisición da competencia que a acción formativa comporta.

O certificado válido para estes efectos deberá ser asinado polo representante legal da empresa con poder para asumir o compromiso adquirido e nel reflectiranse o período durante o cal se mantén o dito compromiso, o posto de traballo que se vai manter ou a que se vai acceder, a exixencia do curso concreto e o motivo da dita exixencia.

f) Nos supostos de cursos susceptibles de seren ofertados a maiores de 16 anos, cando o solicitante sexa menor de 18 anos e maior de 16, autorización para realizalo dos pais ou titores legais.

g) Declaración responsable de competencia en natación para os cursos en que sexa necesaria.

h) Enderezo de correo electrónico e/ou enderezo ou número doutros dispositivos electrónicos para efectos de avisos de notificacións.

i) Enderezo de correo electrónico cando o curso solicitado sexa susceptible de se realizar na modalidade en liña.

2. O órgano xestor comprobará os datos de identidade declarados na solicitude mediante consulta ao Sistema de verificación de datos de identidade. O interesado poderá manifestar oposición expresa a tal consulta; neste caso deberá presentar o documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de identificación de estranxeiro.

3. O órgano xestor comprobará os datos de domicilio e residencia declarados na solicitude mediante consulta ao Sistema de verificación de datos de residencia. O interesado poderá manifestar oposición expresa a tal consulta; neste caso deberá presentar o certificado de empadramento.

4. Unha vez recibida a solicitude xunto coa documentación complementaria presentada, se a dirección provincial competente para resolvela comproba a omisión dalgún requisito ou documentación exixidos, porá en coñecemento do solicitante as deficiencias detectadas para a súa emenda no prazo de dez días, e indicarlle que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que o interesado emendase as deficiencias advertidas, o titular da dirección provincial ditará a correspondente resolución de desistencia e de arquivamento, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 11. *Instrución e resolución das solicitudes.*

1. A instrución do procedemento levaraa a cabo a unidade administrativa da dirección provincial correspondente encargada da xestión da formación.

2. O titular da dirección provincial ditará e notificará ao interesado a resolución nun prazo máximo de seis meses, contado desde a data de rexistro da solicitude.

3. A falta de notificación de resolución expresa dentro do prazo aludido anteriormente suporá a estimación automática da solicitude por silencio administrativo positivo, a teor do disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Contra a resolución do titular da dirección provincial, o interesado poderá interpor, como previo á vía xudicial, o recurso de alzada ante o director do ISM, no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A non resolución do recurso de alzada no prazo de tres meses, contados a partir da súa presentación, suporá a súa desestimación, de acordo co establecido no artigo 122.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. Contra a resolución expresa ou presunta do citado recurso, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. De conformidade co previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando, intentadas as notificacións a que se refire este artigo non se puidesen efectuar, levaranse a cabo mediante un anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 12. *Criterios de selección de asistentes aos cursos.*

As direccións provinciais do ISM seleccionarán os asistentes aos cursos en función das prazas que teñan dispoñibles no seu ámbito territorial e para aquelas de que dispoñan nos centros nacionais de formación marítima de acordo coa adxudicación de prazas que estes efectúen no seu momento, aplicando os seguintes criterios:

a) Priorizaranse as solicitudes presentadas para o curso específico para o cal se estea facendo a selección sobre as xenéricas, coa seguinte orde de prelación en ambos os casos:

1.º Beneficiarios en alta, ou en situación asimilada, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

2.º Cando a selección afecte un curso cuxo certificado estea suxeito a caducidade, terán preferencia os que presentasen a súa solicitude cunha antelación mínima de seis meses sobre a data de caducidade do certificado.

3.º Beneficiarios que presenten un certificado de empresa en que se comprometan a mantelos ou darlles acceso a un posto de traballo que dea lugar á súa alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar coa condición previa de obter o diploma ou certificado acreditativo da adquisición da competencia que a acción formativa comporta.

4.º As solicitudes dos beneficiarios non incluídos en ningunha das situacións anteriores tramitaranse por estrita orde de antigüidade na presentación da solicitude.



b) As solicitudes priorizadas conforme os criterios establecidos nos parágrafos 1.º, 2.º e 3.º anteriores ordenaranse, pola súa vez, pola súa antigüidade na presentación.

c) Atendendo aos criterios de racionalidade, funcionalidade, economía e simplificación, sempre que no ámbito territorial dunha dirección provincial se vaian impartir edicións dun mesmo tipo de curso en localidades distintas e que entre as ditas accións formativas non medie unha distancia temporal superior a trinta días, as direccións provinciais poderán establecer un ámbito de selección local, elixindo os solicitantes en función da proximidade do seu domicilio ao lugar de impartición dos cursos.

#### Artigo 13. *Procedemento para a convocatoria dos alumnos seleccionados.*

1. Os beneficiarios seleccionados que confirmasen por escrito a súa asistencia ao curso serán admitidos e serán convocados e informados do lugar e data da súa realización, por calquera dos seguintes medios:

- a) Presencialmente, ben ao propio seleccionado ou á persoa por el autorizada.
- b) Polo medio que exprese o interesado na propia solicitude que, preferentemente, deberá ser electrónico, deixando constancia fidedigna en todo caso da súa recepción ben polo propio interesado ou por persoa autorizada por el.
- c) Se non for posible realizar a notificación da convocatoria polo medio indicado polo interesado na súa solicitude, practicarase en calquera lugar adecuado para tal fin e por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, a identidade e o contido da convocatoria.
- d) En todos os supostos anteriores, enviarase un aviso a un dispositivo electrónico e/ou enderezo de correo electrónico que o interesado comunicase, informándoo da posta á súa disposición da notificación da convocatoria na sede electrónica da Secretaría de Estado da Seguridade Social e/ou no enderezo electrónico habilitado único.
- e) Cando a notificación da convocatoria se faga por medios electrónicos por telo solicitado así o interesado, entenderase practicada cando o interesado accedese ao seu contido ou cando transcorresen tres días naturais desde a súa posta á disposición na sede electrónica ou no enderezo electrónico habilitado único.
- f) Se a notificación resulta infrutuosa, procederase conforme o disposto na lei.

2. A relación de admitidos publicarase nos taboleiros de anuncios da dirección provincial correspondente. Nos ditos taboleiros tamén se publicará a relación dos seleccionados en situación de reserva para o suposto de que se produzan vacantes.

3. As direccións provinciais proporcionarán a todos os seleccionados que confirmasen a súa asistencia ao curso a información e documentación complementaria que deba constar no seu poder, co fin de que aqueles coñezan os termos do compromiso contraído co ISM e os efectos que derivarían do seu incumprimento.

En todo caso, e con independencia do anterior, os incumprimentos en que poidan incorrer os beneficiarios da formación do ISM terán os efectos regulados no artigo 16.

### CAPÍTULO III

#### **Dereitos e obrigacións dos alumnos**

##### Artigo 14. *Dereitos e obrigacións dos alumnos.*

Os alumnos dos cursos que se impartan en execución do plan anual de formación do ISM e as súas posibles ampliacións contarán cos dereitos e obrigacións que se establecen neste artigo:

- a) Os alumnos terán dereito a:

- 1.º Participar nas accións formativas para as cales fosen seleccionados e nas cales confirmasen a súa asistencia.

2.º Ter unha información adecuada e suficiente sobre a organización, desenvolvemento e sistema de avaliación do curso, así como das normas de convivencia e funcionamento do centro onde se imparta.

3.º Facer uso dos medios técnicos e instalacións do centro coas características e limitacións da actividade docente que as normas de funcionamento establecen para o conxunto dos alumnos.

4.º Ser avaliados obxectivamente no seu rendemento formativo.

5.º Utilizar os servizos que para cada curso poña á súa disposición o ISM.

6.º Ao reembolso dos gastos de desprazamento, aloxamento e/ou manutención nos termos establecidos nos artigos 27 e 28.

b) Os alumnos están obrigados a:

1.º Incorporarse e estar presentes ao inicio do curso para o cal confirmasen a súa asistencia.

2.º Asistir ás clases durante todo o desenvolvemento da acción formativa (clases teóricas, prácticas e avaliación da competencia) con puntualidade, sen ausencias inustificadas e respectando os horarios de entrada e saída.

3.º Cumprir as normas de funcionamento e de convivencia e seguir as instrucións do profesorado no ámbito das súas competencias, así como as do persoal non docente no exercicio das súas funcións.

4.º Estudar e esforzarse para conseguir o máximo aproveitamento segundo as súas capacidades, poñendo o interese e o traballo necesarios para a adquisición dos coñecementos e competencias incluídos nas accións formativas.

5.º Cumprir co deber de honradez académica nos exames, exercicios e prácticas, valéndose exclusivamente do seu propio esforzo e dos medios e instrumentos autorizados polo profesor en cada situación formativa.

6.º Non utilizar medios de gravación, salvo no caso de actividades programadas polo profesor que inclúan o seu uso. Mesmo neses casos, non poderán gravar ningún membro da comunidade formativa contra a súa vontade nin sen o seu consentimento expreso.

7.º Non utilizar durante as clases, actividades e avaliacións teléfonos móbiles nin outros medios de comunicación ou entretemento.

8.º Conservar e facer un bo uso do equipamento e material didácticos, utilizando as instalacións, o mobiliario e o equipamento en xeral de acordo coa súa natureza e para os fins a que está dedicado, seguindo, se for o caso, as instrucións do profesorado e do persoal non docente.

#### Artigo 15. *Revisión da avaliación.*

1. Co fin de garantir a valoración obxectiva do rendemento formativo do alumno, as normas de funcionamento ou de réxime interior asegurarán a publicidade dos contidos, obxectivos e criterios de avaliación por parte do profesorado e a información aos alumnos despois das sesións de avaliación, tanto finais como intermedias.

2. Garántese o acceso, logo de solicitude de revisión, a todos os traballos, exercicios e probas de carácter teórico que teñan incidencia na cualificación final, unha vez que fosen avaliados.

3. A revisión da avaliación teórica realizarase conforme o seguinte procedemento:

a) Os alumnos poderán solicitar a revisión dos exames directamente ao avaliador o día de publicación das cualificacións.

Esta revisión deberá realizarse nese momento, en presenza do solicitante, e deberase deixar constancia escrita, motivada e axustada aos criterios académicos de corrección prefixados do resultado desta e consigna-la no informe final do curso.

b) No suposto de que o alumno non estiver conforme coa cualificación obtida tras a revisión de exame, poderá solicitar, de forma motivada e dentro dos cinco días seguintes, unha segunda revisión do exame ao director do centro ou ao titular da dirección provincial, segundo correspon-da.



O director do centro ou o titular da dirección provincial poderán, tras solicitar os informes que consideren oportunos, rexeitala ou admitila e, neste suposto, nomearán unha comisión técnica para a súa realización. O prazo para esta decisión será de cinco días contados a partir da presentación da reclamación. A presentación desta solicitude non impedirá a inclusión nas actas das cualificacións obtidas tras a primeira revisión.

c) A comisión técnica a que se refire o parágrafo b) estará constituída por persoal debidamente cualificado do ISM, cun máximo de tres membros, e comprobará que todas as cuestións foron avaliadas, que se aplicaron os criterios xerais de avaliación e específicos de corrección e que non existen erros materiais no proceso de cálculo da cualificación final.

A citada comisión decidirá, no prazo máximo de dez días contados a partir do día da súa constitución, sobre o mantemento ou a modificación da cualificación outorgada e elevará a súa decisión motivada, que terá carácter vinculante, ao director do centro ou ao titular da dirección provincial, se é o caso. Cando a resolución implique a modificación de nota, elaborárase nova acta coas cualificacións revisadas.

A resolución adoptada na revisión da avaliación notificaráselle ao alumno.

d) Cando o alumno manteña o seu desacordo coa nova cualificación do exame, poderá presentar recurso de alzada ante o director do Instituto Social da Mariña nos termos previstos no artigo 11.4. Contra a resolución expresa ou presunta do citado recurso, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

e) A interposición destes recursos ou calquera das revisións anteriormente citadas non suspende os efectos académicos derivados da cualificación impugnada.

f) Os responsables da impartición dos cursos adoptarán as medidas necesarias para a conservación das probas, traballos e exercicios que servisen para avaliar o alumnado, durante os prazos indicados nos parágrafos anteriores, nos cales pode presentarse reclamación ou recurso, así como durante o tempo exixido por calquera outra normativa que afecte a materia.

#### Artigo 16. *Incumprimentos e efectos.*

1. Considéranse incumprimentos por parte dos alumnos que confirmasen a asistencia a un curso os seguintes:

- a) Non incorporarse ao curso desde o inicio.
- b) Abandono do curso unha vez iniciado.
- c) Acumular faltas de asistencia que superen o 10 por cento das horas teóricas.
- d) Non asistir a calquera das clases prácticas imprescindibles para a consecución das competencias previstas.

2. Se un alumno incorre nalgún dos incumprimentos previstos no número anterior, produciranse os seguintes efectos:

- a) A perda da asistencia ao curso e do dereito a ser avaliado.
- b) A desistencia da súa solicitude do curso.
- c) A perda do dereito ao reembolso dos gastos que sufragase.
- d) A obrigaón de aboar ao ISM o importe dos servizos que lle fosen prestados. Cando o dito aboamento fose reclamado formalmente, mentres este non se efectúe, denegaranse todas as solicitudes que poida presentar.
- e) A denegación de todas as solicitudes que poidan ser presentadas durante os seis meses seguintes á data do incumprimento.
- f) A consideración como desistidas das demais solicitudes que teña en trámite ou resultas favorablemente.
- g) A paralización da selección da súa asistencia a un curso en que poida estar inmerso o alumno no momento do incumprimento.
- h) A expulsión do curso a que poida estar asistindo cando se notifique a resolución de incumprimento.

3. Cando os incumprimentos recollidos no número 1 obedezan a unha causa xustificada, fundamentada nun motivo concreto e sobrevido despois de confirmar asistencia, soamente terán como efecto a perda da asistencia ao curso e do dereito a ser avaliado, conservando a súa vixencia a correspondente solicitude. O prazo máximo de xustificación será de dez días seguintes á data do incumprimento.

4. En calquera dos supostos de incumprimento previstos no número 1, o director provincial do ISM competente ditará a resolución que proceda, na cal se indicará o incumprimento en que se incorreu e os efectos que comporta, que se notificará aos alumnos na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. En caso de desconformidade coa resolución ditada, cabe interpor recurso de alzada ante o director do Instituto Social da Mariña nos termos previstos no artigo 11.4. Contra a resolución expresa ou presunta do citado recurso, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

#### Artigo 17. *Cobertura por accidente.*

Co obxecto de cubrir os riscos de accidente dos alumnos nos cursos que, dentro de cada plan de formación, organice e xestione o ISM con medios propios, este disporá dunha póliza de seguro colectivo de accidentes.

### CAPÍTULO IV

#### **Réxime de convivencia e medidas disciplinarias**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Infraccións das normas de convivencia e medidas disciplinarias*

#### Artigo 18. *Infraccións das normas de convivencia.*

As infraccións na convivencia en que poden incorrer os alumnos durante o desenvolvemento das accións formativas que se desenvolven tanto con medios propios, contratados, a través de encargos a medios propios personificados ou por calquera outro medio previsto na lexislación vixente, ou durante a súa estancia nas residencias dos centros nacionais de formación do ISM e direccións provinciais, se for o caso, clasifícanse en leves, graves e moi graves. A súa gradación determinarase segundo a intencionalidade apreciada e o prexuízo ocasionado:

a) Consideraranse como infraccións leves:

1.º A incorrección no trato cos demais alumnos ou co persoal que presta os seus servizos nas dependencias formativas ou residenciais.

2.º A falta de dilixencia debida na conservación das instalacións, útiles e demais bens existentes nas dependencias formativas ou residenciais.

3.º O atraso reiterado en relación cos horarios establecidos.

4.º A falta de aproveitamento, interese e/ou colaboración no desenvolvemento das clases.

5.º A infracción das normas de limpeza e hixiene das dependencias formativas ou residenciais.

6.º O uso de zonas comúns e instalacións fóra do horario establecido.

7.º A perturbación do silencio nocturno, do estudo e descanso dos demais alumnos.

8.º En caso de non querer facer uso do dereito ao aloxamento e/ou manutención, non comunicar a dita renuncia expresamente por escrito.

b) Consideraranse como infraccións graves:

1.º Reincidir en condutas constitutivas de infraccións leves.

2.º O uso incorrecto e abusivo das instalacións das dependencias formativas ou residenciais.

3.º Negarse a participar nos simulacros de plans de emerxencias e evacuación dos centros docentes e residenciais.

4.º O uso indebido ou abusivo dos medios electrónicos e informáticos postos ao servizo do alumno, tales como o acaparamento de recursos, incluído o largo de banda, o envío masivo de mensaxes electrónicas, a descarga non autorizada de software, música, películas e calquera outra circunstancia análoga ás anteriores.

5.º A organización de calquera actividade colectiva nas dependencias formativas ou residenciais sen a autorización expresa da dirección.

6.º A realización de xogos de azar que comporten algún tipo de apostas económicas dentro das instalacións formativas ou residenciais.

7.º Cambiar de cuarto da residencia dos centros nacionais de formación sen a debida autorización, manter nel utensilios pertencentes ás zonas e servizos comúns, así como permanecer neles con persoas alleas á residencia.

c) Consideraranse como infraccións moi graves:

1.º A reincidencia en infraccións graves.

2.º A deterioración intencionada de utensilios, material didáctico ou instalacións dos centros formativos ou residenciais.

3.º Calquera acto que poida pór en perigo a súa propia integridade ou a doutras persoas que se encontren nas dependencias formativas, residenciais ou nas súas inmediacións.

4.º A comisión de actos constitutivos de delito ou falta tipificados por lei.

5.º Realizar ou consentir calquera acción que atente contra a dignidade ou intimidade das persoas.

6.º O acoso psicolóxico, físico ou sexual a compañeiros ou ao persoal que presta os seus servizos nas dependencias formativas ou residenciais.

7.º Os insultos, ameazas ou agresións a compañeiros ou ao persoal que presta os seus servizos nas dependencias formativas ou residenciais.

8.º A tenza, consumo ou tráfico de calquera tipo de droga ou substancia estupefaciente ou psicótropa.

9.º Non respectar a propiedade privada dos compañeiros ou do persoal que presta os seus servizos nas dependencias formativas ou residenciais.

10.º O incumprimento das normas que rexen a convivencia e das decisións sancionadoras adoptadas pola dirección provincial ou pola dirección do centro nacional de formación marítima, segundo proceda.

11.º A comisión, a través de medios electrónicos e informáticos de feitos, contrarios ás normas de funcionamento do centro formativo ou residencial, á lei ou á orde pública.

12.º A posesión, emprego, almacenaxe ou fabricación de todo tipo de utensilios susceptibles de seren utilizados para atentar contra a integridade física das persoas.

13.º Non observar durante o desenvolvemento das prácticas as normas de seguridade establecidas polos docentes para cada unha delas.

14.º No caso de ter dereito a aloxamento na residencia dun dos centros nacionais de formación, ceder o uso do cuarto total ou parcialmente a persoas alleas ao centro e/ou entregar a chave de acceso a el, así como acceder a un cuarto alleo sen permiso do alumno residente titular deste.

#### Artigo 19. *Medidas disciplinarias.*

1. As medidas disciplinarias que poderá adoptar o ISM en calquera dos cursos incluídos na súa oferta formativa, mentres aquelas non se fixesen efectivas, prescribisen ou transcorrese o tempo de cancelación, en función da cualificación das infraccións cometidas, serán as seguintes:

a) Por infraccións leves:

Amoestación verbal con apercibimento por escrito.

b) Por infraccións graves:

Perda de un a tres días do uso ou reembolso dalgún ou varios dos servizos de formación, aloxamento, manutención e dos medios técnicos e instalacións.

c) Por infraccións moi graves:

1.º Perda de catro a dez días do uso ou reembolso dalgún ou varios dos servizos de formación, aloxamento, manutención e dos medios técnicos e instalacións.

2.º Expulsión do curso e do centro en que se estea a celebrar a acción formativa e, asemade, perda da condición de beneficiario da formación marítima que imparte o ISM en centros nacionais ou direccións provinciais por un período de entre un e doce meses.

2. O alcance da medida disciplinaria que se adoptará dentro das categorías de grave e moi grave determinarase tendo en conta o grao de intencionalidade, descoído ou negligencia que se revele na conduta e a reiteración ou a reincidencia.

3. En todas as medidas disciplinarias adoptadas incluírase a obrigaçión de restituír o importe da reparación dos posibles estragos ocasionados.

4. Cando a medida que se impoña sexa a de perda dos medios técnicos e instalacións deberá estar relacionada, exceptuando o ámbito formativo, co ámbito en que se produciu a falta.

#### Artigo 20. *Comisión de convivencia.*

Os centros nacionais de formación marítima contarán cunha comisión de convivencia composta por:

Un presidente: a persoa titular da dirección do centro nacional de formación marítima.

Un secretario: o xefe de estudos ou quen desempeñe as súas funcións.

Tres vogais: o responsable da residencia, ou quen desempeñe as súas funcións, e dous xefes de departamento.

As funcións da comisión de convivencia serán as seguintes:

a) Desenvolver iniciativas e plans de acción que faciliten a integración e a convivencia de todos os alumnos.

b) Canalizar as iniciativas dos distintos sectores do centro (profesorado, alumnado e servizos) orientadas a optimizar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia.

c) Ser oída na proposta de modificación e actualización das normas de convivencia do centro.

d) Propor modificacións nas normas de convivencia.

e) Avaliar periodicamente a situación da convivencia no centro.

f) Mediar nos conflitos de convivencia presentados.

g) Ser oída na adopción de medidas disciplinarias que comporten a expulsión do curso e do centro en que se estea a celebrar e, asemade, perda da condición de beneficiario da formación profesional marítima e sanitaria que imparte o ISM por un período de entre un e doce meses.

A comisión de convivencia reunirase de forma regular ao menos unha vez ao ano e, sempre que se considere necesario, con carácter extraordinario. A convocatoria realizarase a dirección do centro ben por propia iniciativa ben por iniciativa de tres dos membros que a integran.

#### Artigo 21. *Prescripción das infraccións.*

As infraccións leves prescribirán aos quince días, as infraccións graves aos trinta días e as infraccións moi graves aos sesenta días, contados todos eles desde a data en que o centro tivo coñecemento da comisión e, en todo caso, aos seis meses de terse cometido.

Os ditos prazos quedarán interrompidos por calquera acto propio do procedemento disciplinario instruído.

*Sección 2.<sup>a</sup> Procedemento disciplinario por infracción das normas de convivencia*

*Artigo 22. Órgano competente.*

Os órganos competentes para a adopción de medidas disciplinarias son:

a) Para as infraccións leves:

1.º O profesor ante o cal se cometese a infracción será o competente para amoestar verbalmente ou expulsar de clase o alumno infractor. Dará conta da dita falta ao xefe de estudos do centro nacional de formación ou ao responsable de formación nas direccións provinciais do ISM, dependendo do lugar de impartición do curso, e este emitirá o correspondente apercibimento por escrito ao alumno infractor. No caso de que o curso sexa impartido mediante empresa contratada ou encarga a medios propios personificados, será o responsable designado pola empresa contratada ou medio propio personificado para coordinar as actuacións co ISM o que efectuará esta comunicación.

2.º No ámbito da residencia dun centro nacional de formación marítima, o persoal asignado a esta dará traslado da infracción ao responsable de residencia e este emitirá o apercibimento por escrito correspondente.

b) No suposto de infraccións graves ou moi graves, é competente para impor a medida disciplinaria a persoa titular da dirección provincial que organizase o curso ou o director do centro nacional de formación marítima, dependendo do lugar de impartición do curso. Para a adopción da medida disciplinaria de expulsión definitiva do centro e perda da condición de beneficiario da formación durante un período de entre un e doce meses, no suposto de que a infracción se cometese nun centro nacional de formación marítima, a persoa titular da dirección do centro oír a comisión de convivencia prevista no artigo 20.

*Artigo 23. Inicio do procedemento e medidas provisionais.*

1. A persoa titular da dirección provincial que organizase o curso ou do centro nacional de formación marítima, segundo corresponda, unha vez que tivese constancia da comisión dalgunha infracción grave ou moi grave e unha vez resoltas as actuacións encamiñadas á identificación da persoa ou persoas que poidan resultar responsables, iniciará o procedemento disciplinario, que deberá ser sempre por escrito, no prazo dun día.

No caso de que o curso sexa impartido mediante empresa contratada ou encarga a medios propios personificados, será o responsable designado pola empresa contratada ou medio propio personificado para coordinar as actuacións co ISM quen deberá comunicar ao dito Instituto a posible infracción en canto teña coñecemento dela. A devandita comunicación deberá incluír a identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables, a descrición da conduta e a súa identificación con algunha das condutas tipificadas como infraccións graves ou moi graves.

2. O acto de inicio do procedemento disciplinario deberá conter, como mínimo, o seguinte:

- a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables.
- b) Descrición da conduta constitutiva de presunta infracción.
- c) Identificación dela con algunha das condutas tipificadas como infraccións graves ou moi graves.
- d) Medidas disciplinarias que corresponden.
- e) Órgano competente para decidir as medidas disciplinarias.
- f) Identificación do instrutor e, se for o caso, do secretario do procedemento. O instrutor poderá presentar ante o órgano que acordou a apertura do expediente a súa

abstención, e o presunto responsable, a recusación do primeiro nos termos establecidos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

g) Se e o caso, medidas provisionais adoptadas.

O acto de inicio notificarase en todos os casos ao alumno responsable da infracción cometida, citarase na mesma notificación para a audiencia e advertiráselle da posibilidade de que dispón de propor medios de proba en contrario.

3. Corresponde ao titular da dirección provincial que organizou o curso ou do centro nacional de formación marítima, en casos de faltas graves e moi graves, atendendo á gravidade do prexuízo causado para a convivencia, a adopción de medidas provisionais para garantir o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluíndo entre elas a suspensión temporal do dereito de asistencia a algunha ou a todas as clases. O dito órgano resolverá no prazo de tres días.

As medidas provisionais poderán manterse até a finalización do procedemento, sen que poidan ser máis gravosas que as medidas disciplinarias que se van aplicar.

As medidas provisionais adoptadas serán notificadas aos alumnos afectados polo procedemento disciplinario.

#### Artigo 24. *Audiencia.*

A audiencia do alumno será obrigatoria neste procedemento e deberá ter lugar no prazo dos dez días seguintes ao da notificación da infracción cometida.

Levarase a cabo ben mediante a remisión polo alumno dun escrito de alegacións ben de modo presencial ante o titular e o responsable de formación da dirección provincial que organizou o curso ou do titular do centro nacional de formación marítima e o xefe de estudos ou o responsable de residencia, dependendo do ámbito onde se produce a conduta susceptible de sanción.

Na audiencia deberá mostrarse ao alumno, para o seu exame, toda a documentación que conste no procedemento, sempre respectando as cautelas de reserva que establece a lexislación vixente, co fin de que poida alegar canto considere conveniente e propor os medios de proba que xulgue oportunos.

A falta de remisión de alegacións ou de comparecencia do alumno á audiencia non impedirá a continuación do procedemento.

O documento en que se reflecta a audiencia será asinado polo titular e polo responsable de formación da dirección provincial que organizou o curso ou polo titular do centro nacional de formación marítima e polo xefe de estudos ou o responsable de residencia, se for o caso, así como polo alumno en caso de que a audiencia se realizase de modo presencial. En caso de terse remitido as alegacións por escrito, xuntaranse ao expediente.

#### Artigo 25. *Resolución.*

1. O titular da dirección provincial que organizou o curso ou do centro nacional de formación marítima, segundo proceda, resolverá, unha vez finalizada a audiencia ao interesado e unha vez valoradas as probas dos feitos previamente existentes e as que puidese achegar o alumno, así como as alegacións que presentase. Así mesmo, antes de resolver, realizará todas aquelas actuacións que xulgue oportunas e, no caso dos centros nacionais de formación marítima, oír á Comisión de convivencia, se é o caso.

Na resolución deberá figurar, como mínimo:

- a) A maneira en que, con carácter xeral, se desen a coñecer aos alumnos as normas de convivencia, dereitos e deberes dos alumnos, infraccións e medidas disciplinarias.
- b) A descrición dos feitos cometidos.
- c) A constancia das notificacións efectuadas.
- d) As alegacións formuladas polo alumno.
- e) A existencia ou inexistencia, a xuízo da persoa titular da dirección provincial que organizou o curso ou do centro nacional de formación marítima, segundo proceda, de circunstancias que poidan agravar, atenuar ou mesmo exculpar da infracción cometida.



f) A medida disciplinaria que se lle impón e o momento a partir do cal deberá cumprirse.

A resolución do procedemento disciplinario deberá emitirse no prazo máximo de tres días, contado desde a finalización do trámite de audiencia. O vencemento deste prazo máximo sen que se ditase e notificase resolución expresa producirá a súa caducidade.

Na mesma resolución informárase o interesado de que poderá interpor recurso de alzada ante o director do ISM nos termos previstos no artigo 11.4, que poderá presentarse no propio centro, o cal se encargará de facelo chegar ao seu destino. Tamén se poderá presentar en calquera dos lugares sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No caso de que, unha vez iniciado o procedemento, se conclúa que a infracción prescribiu, o órgano competente dará por terminado o expediente e arquivará as actuacións.

2. En todos os casos en que a medida disciplinaria imposta corresponda a unha infracción grave ou moi grave, remitirase comunicación da resolución adoptada á Subdirección Xeral de Acción Social Marítima do ISM.

3. Se o titular da dirección provincial que organizou o curso ou do centro nacional de formación marítima, segundo proceda, considera que a conduta ou os feitos imputados poden ser constitutivos de delito ou falta penal, deberá notificar os feitos ao Ministerio Fiscal e solicitar, na dita notificación, información sobre as actuacións que se practiquen ao respecto.

Se tiver coñecemento de que se desenvolve un proceso penal sobre os mesmos feitos, solicitará do órgano xudicial comunicación sobre as actuacións adoptadas, e se xulga que existe identidade de suxeito, feito e fundamento entre a infracción penal e a infracción administrativa, acordará a suspensión do procedemento até que recaia resolución xudicial.

Así mesmo, enviará copia da notificación ao Ministerio Fiscal e da suspensión do procedemento, se for o caso, á Subdirección Xeral de Acción Social Marítima do ISM.

#### Artigo 26. *Rexistro.*

Todas as medidas disciplinarias impostas anotaranse no expediente persoal do expedientado e no rexistro correspondente. Cancelaranse de oficio ou por instancia de parte unha vez transcorrido o prazo de tres meses cando se trate de infracción leve, un ano se a infracción é grave e dous anos para as moi graves.

O rexistro que se cree como consecuencia dos procedementos disciplinarios aterase ao establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos.

### CAPÍTULO V

#### Réxime de gastos e reclamación de débedas

#### Artigo 27. *Gastos por desprazamento, aloxamento e manutención dos alumnos.*

1. Con carácter xeral, as accións formativas que imparta o ISM realizaranse o máis cerca posible á localidade de residencia dos seus beneficiarios.

2. A asistencia aos cursos incluídos nos plans anuais do ISM non comportará gasto ningún para os seus beneficiarios.

3. O ISM asumirá os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención do alumno que finalizase a acción formativa ou que, por causas xustificadas, non puidese iniciala ou tivese que abandonala, nos termos que se sinalan a continuación e sempre que a localidade de residencia do alumno sexa distinta á localidade en que estea o centro de formación:

a) Gastos de desprazamento e de manutención cando a distancia entre a localidade de residencia do alumno e a localidade en que estea o centro de formación sexa igual ou superior a 30 quilómetros.

b) Gastos de desprazamento, manutención e aloxamento cando a distancia entre a localidade de residencia do alumno e a localidade en que estea o centro de formación sexa igual ou superior a 50 quilómetros.

4. Os gastos de desprazamento susceptibles de reembolso polo ISM serán os efectivamente realizados e acreditados, cos límites e contías que se establezan por orde ministerial, sempre que o desprazamento se leve a cabo en transporte colectivo e en clase turista; ambos os aspectos deberán acreditarse.

Non obstante o anterior, cando a convocatoria do ISM para asistir ao curso se produza nun prazo igual ou inferior a cinco días sobre a data de inicio de aquel, aboaranse os gastos de desprazamento que xustifique o alumno.

Entenderanse comprendidos nos gastos de desprazamento que sufragará o ISM aos alumnos que confirmasen asistencia a un curso os efectivamente ocasionados pola cancelación, devolución ou cambio do título de transporte adquirido, cando a acción formativa se cancele ou se modifique a súa data de celebración e se adquirise un título de transporte correspondente a unha tarifa que supoña gastos de cancelación, ou que non permita a súa cancelación ou cambio.

Nestes casos, o alumno deberá presentar documentación que acredite o gasto de desprazamento e/ou de cancelación, e a xustificación, para que poidan aboarse tales gastos cos límites establecidos.

5. O ISM tamén aboará aos alumnos dos seus cursos de formación os gastos derivados da súa manutención e aloxamento, nos termos e contías que se determinen por orde ministerial.

En todo caso, e independentemente do anterior, naqueles cursos en que o aloxamento e/ou manutención os preste directamente o ISM, os alumnos non poderán optar por outra alternativa, polo que non procederá o aboamento de gastos por ambos os conceptos.

#### Artigo 28. *Xustificación e reembolso de gastos.*

Os alumnos que realizen gastos que sexan susceptibles de seren reembolsados polo ISM segundo a normativa vixente deberán presentar a correspondente solicitude de reembolso no modelo oficial que estableza o ISM, no prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da finalización académica do curso.

As cantidades que corresponda ingresar transferiranse á conta (IBAN) que indique o alumno.

Coa excepción dos gastos de manutención, que non necesitan de xustificación ningunha, xunto coa solicitude deberán presentarse os xustificantes que a continuación se relacionan (orixinal ou copia auténtica):

a) Para a acreditación do desprazamento, o correspondente billete.

Se o desprazamento se realiza en liñas aéreas, deberanse achegar, ademais, a factura e a tarxeta de embarque.

b) Para a acreditación do aloxamento deberanse achegar as correspondentes facturas.

As facturas que se presenten deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, e acreditar o uso individual do cuarto.

Os alumnos que, por causa xustificada, non puidesen iniciar ou finalizar o curso, para que poidan serlles reembolsados os gastos a que poidan ter dereito, ademais de toda a documentación recollida neste artigo, deberán acreditar fidedignamente a causa que o motivou nos termos establecidos no artigo 16.

A dirección provincial, unha vez resolta a solicitude do reembolso, notificará ao alumno o aboamento dos gastos que poidan corresponderlle con indicación do curso que o orixinase, o lugar de realización, as datas, o concepto de gasto, os días e o importe que se aboa por cada un dos ditos conceptos e o total que se vai reembolsar.

Artigo 29. *Reclamación de débedas contraídas co Instituto Social da Mariña derivadas da realización ou programación de accións formativas.*

1. O ISM poderá iniciar unha reclamación de débeda nos seguintes supostos:

a) Iniciarase reclamación de débeda de oficio por acordo do titular da dirección provincial de procedencia do alumno cando os alumnos incorresen en incumprimentos que, de acordo co previsto no artigo 16, comporten o aboamento dos importes dos servizos que lles prestase o ISM.

b) Cando, en virtude do establecido na disposición adicional primeira, se producen gastos derivados da organización dun curso específico solicitado por empresas do sector, confrarías de pescadores, cooperativas de armadores ou corporacións con implantación no sector marítimo-pesqueiro e, por causa imputable a elas, non se puidese celebrar, será o titular da dirección provincial que organizou o curso o que reclame de oficio a débeda polos gastos derivados da súa organización ás citadas empresas, confrarías, cooperativas ou corporacións. No suposto de que se trate de gastos de desprazamento e manutención dos alumnos, será a dirección provincial de procedencia do alumno a que reclame de oficio a débeda polos citados conceptos.

c) Iniciarase reclamación de débeda de oficio por acordo do titular da dirección provincial que organizou o curso ou do director do centro nacional de formación marítima competente, segundo proceda, cando os alumnos fosen obxecto dunha medida disciplinaria que inclúa a restitución do importe da reparación dos estragos causados, conforme o establecido no artigo 19.3, e a sanción sexa firme.

2. No acordo de reclamación de débeda comunicarase ao interesado o importe do gasto que se reclama debidamente detallado e concederáselle un prazo de quince días para que presente as alegacións que ao seu interese conveñan.

3. Unha vez analizadas as alegacións achegadas, ou transcorrido o prazo sen que se formularsen, o titular da dirección provincial ou director do centro nacional de formación marítima competente, conforme o establecido no número 1, resolverá a reclamación con identificación do obrigado, as obrigacións incumplidas, a súa causa e o importe da cantidade que se vai restituír, e daralle un prazo de trinta días para o pagamento en período voluntario.

4. Contra a resolución de reclamación de débeda cabe interpor recurso de alzada ante o director do Instituto Social da Mariña nos termos previstos no artigo 11.4. Contra a resolución expresa ou presunta do citado recurso, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo, de acordo co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

5. En caso de que, de acordo co establecido no artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se adopte a suspensión da execución da resolución de reclamación de débeda por ter interposto recurso de alzada ante o director do ISM, notificaráselle ao interesado a suspensión da execución.

6. Unha vez finalizados os prazos de aboamento en período voluntario sen que se producise o ingreso, darase traslado da resolución á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para que se inicie o procedemento de recadación en vía de constrinximento, de acordo co establecido no Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, e demais normas complementarias.

Artigo 30. *Imputación de gastos.*

1. Os gastos propios, é dicir, aqueles directamente derivados da celebración do curso (docencia, equipamentos, material, traslado dos alumnos ao lugar das prácticas durante o desenvolvemento da acción formativa, etc.) serán por conta do centro de xestión a que estea adscrito o centro ou local onde se imparta.

2. Os gastos ocasionados polo desprazamento dos alumnos desde as súas localidades de residencia á localidade de celebración do curso serán con cargo ao orzamento da dirección provincial onde aqueles teñan establecido o seu domicilio. Igual imputación de gastos se fará respecto ao aloxamento e manutención, cando proceda, salvo cando se trate de cursos impartidos nos centros nacionais de formación marítima, caso en que serán a cargo do orzamento do centro de xestión a que estea adscrito o dito centro nacional.

Disposición adicional primeira. *Organización de cursos específicos dirixidos a traballadores de empresas do sector, e a asociados de confrarías de pescadores, cooperativas de armadores e corporacións con implantación no sector marítimo-pesqueiro.*

O ISM, por solicitude de empresas do sector, confrarías de pescadores, cooperativas de armadores ou corporacións con implantación no sector marítimo-pesqueiro, poderá organizar, dentro das súas dispoñibilidades, cursos dirixidos especificamente aos asociados ou traballadores delas, logo de xustificación da necesidade do curso, así como das datas e localidades de celebración que propoñen para a súa impartición. O número mínimo de alumnos para que se poida impartir un curso específico será o establecido no deseño curricular de cada tipo de curso.

A solicitude destes cursos deberá dirixirse á dirección provincial do ISM que corresponda á entidade solicitante, en función da localidade en que esta se encontre, e deberá versar sobre un dos incluídos no catálogo de cursos que imparte o ISM. A súa organización exixirá a autorización previa da Subdirección Xeral de Acción Social Marítima.

No suposto de que un curso sexa organizado e non se poida levar a cabo por causa imputable á entidade petionaria, salvo que isto sexa motivado por razóns xustificadas ou de forza maior, esta perderá o dereito a solicitar a impartición de cursos durante un ano contado desde a data do incumprimento, con independencia da súa obrigaçión de reintegrar os gastos que se xeraren no ISM como consecuencia da organización da acción formativa solicitada.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

A aprobación deste real decreto non implica incremento de dotacións ou retribucións, nin de gastos de persoal, nin de calquera outro gasto ao servizo do sector público e levarase a cabo coas dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Disposición adicional terceira. *Normativa de aplicación.*

En todo o non regulado por este real decreto aplicarase, con carácter supletorio, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, expresamente, a Orde TAS/167/2008, do 24 de xaneiro, pola que se regula a formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña; a Resolución do 5 de xuño de 2013, do Instituto Social da Mariña, que a desenvolva, e a Resolución do 27 de outubro de 2010, do Instituto Social da Mariña, sobre aboamento dos gastos de viaxe aos alumnos de cursos de formación, e a Resolución do 13 de maio de 2011, do Instituto Social da Mariña, pola que se aproban as normas de convivencia dos centros nacionais de formación dependentes do Instituto Social da Mariña.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución, que establece como competencia exclusiva do Estado a lexislación laboral.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2018.

Dado en Madrid o 18 de maio de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,  
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA